




FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA



MEMORIA ANUAL DE **ACTIVIDADES**

2022

Seguimos ó teu carón, traballando pola inclusión social e laboral das persoas 1995 - 2022

Fundación Amigos de Galicia

amigosdegalicia.org

comunicacion@fundacionamigosdegalicia.org



ÍNDICE DE CONTIDOS

Fundación Amigos de Galicia 4

Quenes somos	5
Misión, visión e valores	6
Principais cifras	7
Estrutura interna	8
Novas do 2022	9
ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable)	10


Programas FAG 11

Servizo de Orientación Laboral	12
Programas dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade	22
Plan de Loita contra a Pobreza e a exclusión social	25
Especial protección da infancia	30
Programa de acompañamento psicolóxico	40
Programas dirixidos a persoas maiores	41
Programas de voluntariado	43
Programas de igualdade	46

Campañas FAG 48

Nas súas mochilas o seu futuro	49
Coidado do Medio Ambiente	50
Conectad@s	52
Comparte Ilusión	53

Anexo 54

A close-up photograph showing several hands sorting through a cardboard box filled with folded, light-colored clothing. The hands are wearing light blue long-sleeved shirts. One hand at the bottom left has a small tattoo. The text 'FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA' is overlaid in white, bold, sans-serif font in the lower right quadrant.

FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

QUENES SOMOS

A Entidade conta coa **Axencia de Colocación Emprega** aprobada pola Xunta de Galicia, con número de Expediente 2012/017 e Número de Identificación 1200000013.

A Fundación Amigos de Galicia é unha **entidade sen fins lucrativos** (Lei 49/2002), rexistrada coma Entidade Prestadora de Servizos Sociais nº E-2199.

Tamén está rexistrada como **Organización Non Gubernamental para o Desenvolvemento D-32** no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, no Rexistro de Entidades de **Interese Galego co nº 28** (1995/5), e no **Rexistro de Entidades Culturais co nº 36**, así como acollida á **Lei de Mecenado** e aos protocolos vixentes de obrigado cumprimento.

Fundación Amigos de Galicia consta no **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia** como **ASC-O486**

As contas da entidade están auditadas pola empresa Galicontrol S.L.

O principal **ámbito de actuación atópase no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia**, realizando accións puntuais tanto en España coma no estranxeiro.

As delegacións atópanse situadas en:



**A SEDE SOCIAL DE FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA ATÓPASE EN
SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Santiago de Compostela



Rúa das Tabaniscas, 50 - 15705
Tel.: 981 576 034 / 610 475 763

Pontevedra



Edificio Adm. Benito Corbal, 47 - 36001
Tel.: 661 777 352

Ourense



Avda. de Portugal, 59 - 32002
Tel.: 678 920 387

Lugo



Ronda das Mercedes, 14 - 27002
Tel.: 677 884 748

Vilagarcía de Arousa



Avda. Matosinhos, 2 - 36600
Tel.: 610 475 431



VISIÓN

Temos a visión dunha entidade social, consolidada e afincada en Galicia cuxo baluarte son as persoas en situación de risco de exclusión social, prestando especial atención á infancia, persoas maiores que viven soas e mulleres en situación de vulnerabilidade e/ou violencia de xénero. Temos unha visión moi esixente co servizo que realizamos, reinventándonos cada día para mellorar a nosa actuación coas persoas en situación de dificultade.

MISIÓN

A nosa misión é a atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social, en especial á protección a infancia e a integración laboral das persoas en situación de desemprego.

VALORES

EQUIDADE

Reivindicando a igualdade e respetando a pluralidade da sociedade.

INDEPENDENCIA

Actuando de conformidade cos nosos principios.

TRANSPARENCIA

Poñemos á disposición da cidadanía, dos/as colaboradores/as e beneficiarios/as toda a información sobre o fin dos nosos fondos.

PROFESIONALIDADE

Cun equipo profesional comprometido coa acción que desenvolvemos e con ampla experiencia no terceiro sector.

21.933 ATENCIONES

A FAMILIAS EN RISCO
DE EXCLUSIÓN SOCIAL

>> **41,27%** MENORES
DE IDADE

13.030

Atencions de
EMPREGO

2.113

INSERCIÓNS no
mercado laboral

491

Persoas **MAIORES**
atendidas

342

Persoas con
IMPORTANTES
NECESIDADES
recibiron **APOIO**
PSICOLÓXICO

150

Menores
beneficiarios
do programa
DIXITALÍZATE
CON NÓS

792

Atencions a
MULLERES en
situación de
vulnerabilidade ou
violencia de xénero

8.887

Persoas diferentes
recibiron
atención das súas
NECESIDADES
BÁSICAS

2.133 delas
recibiron a axuda por
primeira vez

1.402

Mochilas
entregadas
de **MATERIAL**
ESCOLAR

631

Escolares recibiron
charlas de
SENSIBILIZACIÓN

932

**PATRONOS/
AS**

225

**VOLUNTARIOS/
AS**

256

**EMPRESAS
COLABORADORAS**

PRESIDENTE DE HONRA

Ramiro Carregal Rey

PRESIDENTE

Ramiro José F. Varela Cives

SECRETARIO

Xoan Carlos Portos Oliveira

TESOUREIRO

Antonio Costa Sánchez

VICEPRESIDENTA 1ª

Gloria Rodríguez Moirón

EQUIPO HUMANO

Director Xeral: Jesús Busto Peteiro

Traballadores/as sociais: 7

Psicólogos/as: 4

Orientadores/as laborais: 14

Administrativos/as: 2

Docentes: 6

Nutricionistas: 2

Marketing e comunicación: 3

Persoal de loxística e almacén: 5

ESTRUTURA
INTERNA

SEDE SOCIAL

No ano 2022 a Fundación Amigos de Galicia modificou a súa sede social, cambiando a ubicación inicial de Av. de Lugo 115, a Rúa das Tabaniscas 50; ambas sitas en Santiago de Compostela.

ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES

No ano 2021 Fundación Amigos de Galicia restableceu as actividades do programa “Mellor acompañad@s” pero, non foi ata o ano 2022 cando a entidade puido levar a cabo ás accións na súa totalidade. A eliminación de medidas sociais fronte a COVID-19 permitiu organizar un maior número de formacións para achegar o mundo dixital ás persoas maiores, unha das actividades mais demandadas. Desta maneira, puidemos acadar un dos obxectivos do programa e reducir a fenda dixital, para que ninguén quede atrás ante a imparable dixitalización que estamos a experimentar.

ATENCIÓN Á INFANCIA

Fundación Amigos de Galicia no ano 2022 abriu unha nova liña de traballo de cara á PROTECCIÓN Á INFANCIA. A entidade considera de vital importancia proporcionar ás familias que se atopan en situación de especial vulnerabilidade ou risco de exclusión social hábitos de vida saudable a través da educación nutricional.

Desta maneira, establecemos un sistema de garantía nutricional para os/as menores atendidos/as e previmos, mediante unha alimentación adecuada, ás enfermidades da infancia, creando hábitos de vida saudable na unidade familiar.



OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

Os **Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS)** perseguen a igualdade entre as persoas, protexer o planeta e asegurar a prosperidade como parte dunha nova axenda de desenvolvemento sustentable.

Fundación Amigos de Galicia comparte a visión e o compromiso destes obxectivos, tendo presente en todos os seus proxectos os seguintes:

- o **Obxectivo 1:** Poñer fin á pobreza en todas as súas formas en todo o mundo.
- o **Obxectivo 2:** Poñer fin á fame, lograr a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sustentable.
- o **Obxectivo 3:** Garantir unha vida sa e promover o benestar para todos/as en todas as idades.
- o **Obxectivo 4:** Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos.
- o **Obxectivo 5:** Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e as nenas.
- o **Obxectivo 8:** Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sustentable, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todos.
- o **Obxectivo 10:** Reducir a desigualdade en e entre os países.
- o **Obxectivo 13:** Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos.
- o **Obxectivo 16:** Promover sociedades xustas, pacíficas e inclusivas.
- o **Obxectivo 17:** Revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sustentable.

PROGRAMAS

Servizo de Orientación Laboral e Intermediación

Programas dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade

Plan de Loita contra a Pobreza e a exclusión social

Especial protección da infancia

Programa de acompañamento psicológico

Programas dirixidos a persoas maiores

Acción voluntaria

Medio Ambiente

ORIENTACIÓN LABORAL

MELLORAR A SITUACIÓN LABORAL DAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL É UN DOS RETOS SOCIAIS DA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.

A **Fundación Amigos de Galicia** está constituída como **Axencia de Colocación**, aprobada pola Xunta de Galicia e con número de rexistro 1200000013;

Un dos principais obxectivos da entidade é **mellorar a empregabilidade das persoas en situación de desemprego**, especialmente das que contan con dificultades para a súa integración laboral.

O servizo de orientación laboral realiza diversas accións encamiñadas a que todas as persoas poidan acceder a un emprego digno, xa que consideramos que para acadar unha integración plena das persoas é preciso que poidan participar no desenvolvemento económico da sociedade, e isto conséguese a través do acceso ao emprego.

Dende dito servizo realizase unha planificación individualizada segundo a situación persoal, formativa e laboral de cada usuario/a.; todas as accións están dirixidas á inserción laboral das persoas en idade laboral en Galicia.

PERSOAS DESTINATARIAS

O servizo de Orientación Laboral está dirixido a todas as persoas de Galicia en situación de desemprego, prestando especial atención a colectivos mais vulnerables: mulleres en situación de vulnerabilidade e/ou vítimas de violencia de xénero, persoas desempregadas de longa duración, mozos/as sen experiencia, persoas inmigrantes, maiores de 45, persoas con necesidades de formación, e en definitiva, a todas as persoas con dificultades para o acceso ao emprego é que precisen asesoramento.

Datos de Empleo



Xaneiro - Decembro
2022

2.113
Insercións

13.030
Atencións



PERSOAS REXISTRADAS



125

INSERCIÓNS DE MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E/OU VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

ACCESO AO SERVIZO

Fundación Amigos de Galicia pon a disposición da poboación un formulario web para aquelas persoas que estean interesadas en darse de alta como demandantes de emprego na Axencia de Colocación:

INTERMEDIACIÓN LABORAL

Ademais de orientación, o persoal de Fundación Amigos de Galicia realiza accións orientadas á intermediación laboral con empresas, que poden publicar as súas ofertas de modo gratuíto, recibindo preselección de candidatos/ as, orientación profesional e seguimento da oferta.

[VER NA NOSA PÁXINA WEB](#)

BOLETÍN DE OFERTAS DE EMPREGO

Dende a Axencia de Colocación realízase de maneira semanal o Boletín de ofertas de emprego (públicas, privadas e/ou propias) co fin de facilitar a búsqueda de emprego a todos/as os/as usuarios/as.

[VER NA NOSA PÁXINA WEB](#)



ATOPA O TEU EMPREGO

Acompañámote na busca do emprego dunha maneira personalizada, traballando na actualización do CV, formación, etc.



SERVIZO GRATUÍTO

Os nosos programas de emprego van dirixidos a persoas que teñen dificultades de inserción laboral.



INTERMEDIACIÓN LABORAL

Traballamos como intermediadores entre persoas e empresas; promovendo a responsabilidade social corporativa.



FORMACIÓN

Ofrecémote orientación e formación propia axeitada ao teu perfil.

PROGRAMAS DE EMPREGO

>> A Fundación Amigos de Galicia é unha entidade Colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia

Este servizo atópase dentro das subvencións a entidades para a contratación de persoal técnico de orientación laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.



>> SUBVENCIONS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL PARA A PROMOCION DE ACTUACIONES DE SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS E INCLUSION SOCIAL, PARA OS ANOS 2020, 2021 E 2022, COFINANCIADAS PARCIALMENTE POLO FONDO SOCIAL EUROPEO E POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DOS PROGRAMAS OPERATIVOS FSE GALICIA 2014-2020 E FEDER GALICIA 2014-2020

- *Itinerarios personalizados de inserciones dirigidos a persoas en risco de exclusion social na provincia de Ourense.*
- *Itinerarios personalizados de inserciones dirigidos a persoas en risco de exclusion social na provincia de Pontevedra.*
- *Itinerarios personalizados de inserciones dirigidos a persoas inmigrantes na provincia de Ourense.*
- *Itinerarios personalizados de inserciones dirigidos a persoas inmigrantes na provincia de Pontevedra.*

Os obxectivos que se pretenden acadar mediante a realizacion de itinerarios personalizados a persoas en situacion de exclusion social e/ou inmigrantes son: mellorar as habilidades sociais e habitos prelaborais de cara a mellorar as posibilidades de insercion no mercado de traballo dos/das participantes; Dotar as persoas de capacidades que melloren as suas posibilidades de inclusion laboral; e como fin ultimo, acadar a inclusion laboral das persoas atendidas mediante o programa.

Os programas anteriormente mencionados son subvencionados pola Consellería de Política Social de Xuventude a través das subvencions a entidades de iniciativa social para a promocion de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusion social, y se convocan para los años 2020, 2021 y 2022, cofinanciadas parcialmente por el Fondo Social Europeo y por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional en el marco de los programas operativos FSE Galicia 2014-2020 y Feder Galicia 2014-2020.

>> SUBVENCIONS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL PARA A PROMOCIÓN DE ACTUACIÓNS DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E INCLUSIÓN SOCIAL PARA OS ANOS 2022 E 2023, FINANCIADAS PARCIALMENTE CON FONDOS REACT-UE COMO PARTE DA RESPONDA DA UNIÓN EUROPEA Á PANDEMIA DA COVID-19, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020

- *Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas en risco de exclusión social na provincia de A Coruña.*
- *Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas en risco de exclusión social na provincia de Lugo.*
- *Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas en risco de exclusión social na provincia de Ourense.*
- *Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas en risco de exclusión social na provincia de Pontevedra.*
- *Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas inmigrantes na provincia de A Coruña.*
- *Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas inmigrantes na provincia de Lugo.*
- *Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas inmigrantes na provincia de Ourense.*
- *Itinerarios personalizados de insercións dirixidos a persoas inmigrantes na provincia de Pontevedra.*

O proxecto comprende prestacións encamiñadas ao desenvolvemento de habilidades sociais e hábitos prelaborais de cara a mellorar as posibilidades de inserción no mercado de traballo das persoas atendidas. O obxectivo foi a inclusión laboral das persoas atendidas mediante esta actuación.

Os programas anteriormente mencionados son subvencionados pola Consellería de Política Social de Xuventude a través das subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social para os anos 2022 e 2023, financiadas parcialmente con fondos REACT-UE como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

>> Proserde XV

SUBVENCIÓN PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE CONTRATEN PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS PARA A REALIZACIÓN DE SERVIZOS DE INTERESE XERAL E SOCIAL.

Este proxecto tivo como obxectivo realizar a acollida e completar a formación dos/as traballadores/as contratados/as co fin de xerar novas habilidades, coñecementos e calquera outra necesidade que se detecte. Ao longo do ano 2022 a entidade contou con dúas traballadoras sociais e dúas psicólogas subvencionadas mediante dito proxecto.

Este programa foi subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

>> PONTE_COEMPREGO 22

O obxectivo xeral do programa é a inclusión laboral das persoas atendidas mediante a realización de itinerarios personalizados de inserción. O proxecto desenvolveuse en toda a provincia de Pontevedra e estivo dirixido aos/ás colectivos cunha maior dificultade de inserción socio-laboral.

Este programa contou co apoio da Deputación de Pontevedra.

 XUNTA DE GALICIA		 Xacobeo 21-22   FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA
Programas de Cooperación Xunta de Galicia. Entidades sen ánimo de lucro.		
servizo:		
PROSERDE XV		
PROGRAMA DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA		FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

FORMACIÓN

Fundación Amigos de Galicia imparte cursos entre as persoas usuarias do Servizo de Orientación co obxectivo de conseguir a súa integración laboral e empregabilidade.

>> **COMPETENCIAS CLAVE NIVEL 2 e 3** (Ourense)

O obxectivo da formación levada a cabo, foi o de preparar ao alumnado para a realización das probas de Competencias Clave nivel 2 e Competencias Clave nivel 3, as cales facilitarán o acceso aos Certificados de Profesionalidade.

>> **COMPETENCIAS DIXITAIS PARA O EMPREGO IV** (A Coruña, Ourense e Pontevedra)

O obxectivo xeral das formacións, foi o de dotar de ferramentas e instrumentos dixitais ao alumnado, para que poidan desenvolver a súa competencia dixital orientada á busca de emprego.

>> **INICIACIÓN A OFIMÁTICA** (Ourense)

O obxectivo xeral, foi o de dotar ás/os participantes coas habilidades e coñecementos de ofimática básica precisos para o desenvolvemento na súa vida diaria.



>> **OPERARIA ALIMENTARIA** (Concellos de Carballo e Fene)

A formación impartida, tivo como obxectivo que as participantes adquirisen coñecementos e competencias profesionais para o control dos procesos de recepción, transformación, elaboración, envasado e almacenado de produtos alimenticios. Esta formación incluía prácticas non laborais.

>> **CAIXEIRA REPOÑEDORA EN SUPERMERCADO** (Ames e Santiago de Compostela)

A formación impartida, tivo como obxectivo que as participantes adquirisen coñecementos e competencias profesionais para o manexo de caixa, control e reposición dos puntos de venda e atención ó cliente. Esta formación incluía prácticas non laborais.



CAMPAÑA VENDIMA

A entidade desenvolveu a Campaña Vendima 2022 co obxectivo de acadar a inserción laboral de persoas en situación de desemprego.

Estas persoas traballaron en diferentes adegas das zonas de O Ribeiro, Valdeorras e o Salnés; que colaboraron coa entidade para a realización da campaña vitícola.

Este programa é posible grazas á colaboración das adegas que mostran a súa responsabilidade social cos veciños e veciñas da súa comarca.



PROGRAMAS DIRIXIDOS A **MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE**

ACADAR A IGUALDADE REAL E EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES É UN DOS RETOS PRIORITARIOS PARA A ENTIDADE, REQUISITO IMPRESCINDIBLE PARA POÑER PUNTO FINAL Á VIOLENCIA DE XÉNERO -UNHA INXUSTIZA SOCIAL QUE CONSTITÚE A MANIFESTACIÓN MÁIS GRAVE DE DESIGUALDADE-.

DATOS 2022

236 **MULLERES ATENDIDAS EN RISCO OU SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E/OU VVX MEDIANTE PROGRAMAS ESPECÍFICOS**

>> 125 **DELAS ATOPARON UN EMPREGO A TRAVÉS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN LABORAL**

21.933 **ATENCIÓNS A FAMILIAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**

48,0% **FORON FAMILIAS MONOPARENTAIS/MARENTAIS**

A entidade desenvolve ao longo de todo o ano distintos programas, dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade ou vítimas de violencia de xénero, a través dos cales proporciónase asesoramento social, psicolóxico, xurídico e/ou laboral, contribuíndo desta forma a mellorar a súa situación persoal, social e/ou laboral.

>> EM-PODÉRATE

O obxectivo do programa foi traballar de maneira integral pola inserción socio-laboral das mulleres en situación de vulnerabilidade na Comunidade Autónoma de Galicia.

O programa ten como obxectivo principal mellorar a empregabilidade das participantes de cara o seu futuro, a marxe de que durante o desenvolvemento do mesmo, sexan incluídas no mercado de traballo.

A motivación para a realización do programa dirixido a mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade ven dada pola necesidade de abordar diferentes aspectos como as relación sociais, a saúde mental, a educación e por suposto o ámbito laboral.

Nesta convocatoria o programa estivo dirixido a mulleres con escasa ou baixa formación, tendo en conta que na actualidade, o acceso ao mercado de traballo presenta grandes dificultades. Incrementáronse estas no caso das mulleres con baixa ou escasa formación.

**DURANTE O ANO 2022 FORON
ATENDIDAS 82 MULLERES**

Este programa contou coa financiación da Secretaría Xeral da Igualdade, dentro das subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

>> PROGRAMA DE RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE E/OU CON SINGULARES DIFICULTADES

Programa dirixido a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e/ou con singulares dificultades na **provincia de Pontevedra**, ofertando diferentes servizos en función das súas necesidades; asesoramento psicológico, xurídico, laboral e apoio social. Asimesmo ,realizáronse accións vinculadas no eido da prevención da violencia de xénero, sendo prioritaria para as persoas que polas súas características persoais, de xénero ou polo seu entorno social e/ou familiar puideron ser susceptibles ó maltrato físico, verbal e/ou psicológico.

**DURANTE O ANO 2022 FORON
ATENDIDAS 81 MULLERES**

Este programa contou co apoio da Deputación de Pontevedra.

>> EM-FEMENINO

EM- FEMENINO é un programa de fomento da empregabilidade das mulleres que a entidade realizou en concellos da provincia de A Coruña (Ames, Carballo, Fene, Rianxo e Santiago de Compostela) de cara a proporcionar ferramentas que melloren as opcións laborais das usuarias mediante proxectos que abarcan a realización de itinerarios de inserción personalizada e a formación ocupacional, coa finalidade de acadar a inserción no mercado de traballo.

**DURANTE O ANO 2022
FORON ATENDIDAS
73 MULLERES, 32
DELAS CONSEGUIRON
UN EMPREGO**

Este programa contou co apoio da Deputación de A Coruña.




EM FEMENINO

Programa do fomento do emprego en igualdade de oportunidades

A QUE TERÁS ACCESO?

- ITINERARIO PERSONALIZADO DE INSERCIÓN LABORAL
- ACCIÓNS FORMATIVAS

INFÓRMATE EN AMIGOSDEGALICIA.ORG



LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

A misión principal de Fundación Amigos de Galicia é a atención ás persoas máis vulnerables que se atopan en situación ou risco de exclusión social, especialmente as que contan con menores a cargo. Para iso, a entidade ven desenvolvendo dende a súa constitución como Entidade Prestadora de Servizos Sociais no ano 1995 o “Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social”.

A través de dito programa, a entidade garante a **cobertura de necesidades alimenticias e non alimenticias** ás familias en situación de carencia de recursos económicos con residencia nalgún concello de Galicia.

A actuación diríxese principalmente ás persoas máis necesitadas da nosa comunidade, entendendo por tal, ás persoas físicas, individuais, familias e/ou agrupación de persoas coas mesmas problemáticas, cuxa situación de dependencia social e financeira está constatada.

A través do programa a entidade garante a cobertura de necesidades alimenticias, hixiene e limpeza, roupa e calzado, mobiliario e/ou outros enseres.



21.933

**ATENCIÓN A FAMILIAS EN
RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**

>>

41,27%

**MENORES
DE IDADE**

3.320

**FAMILIAS ATENDIDAS
NA COMUNIDADE GALEGA**

1080



A CORUÑA

32,50%

536



LUGO

16%

407



OURENSE

12,50%

1297



PONTEVEDRA

39%

8887

**PERSOAS DIFERENTES RECIBIRON ATENCIÓN NA
COBERTURA DAS SÚAS NECESIDADES BÁSICAS**

2133

**PERSOAS RECIBIRON A AXUDA
POR PRIMEIRA VEZ**

PLAN DE COBERTURA DAS NECESIDADES BÁSICAS

O programa contempla a cobertura das necesidades básicas de:



Alimentación



Roupa e
calzado



Hixiene e
limpeza



Mobiliario
do fogar



Material
escolar



Necesidades
concretas

PRINCIPAIS COLECTIVOS ATENDIDOS

48,00%

Familias monoparentais/marentais

80,90%

Familias beneficiarias da RISGA/
IMV ou prestacións análogas

59,53%

Mulleres vítimas de violencia de xénero
ou en situación de vulnerabilidade

35,30%

Familias inmigrantes

12,83%

Minorías étnicas

ACTUACIÓN

O programa contempla a entrega de alimentos tanto perecedoiros e conxelados coma non perecedoiros a través de cadeas de alimentación galegas.

As persoas que forman parte do programa de cobertura de necesidades básicas reciben no seu fogar os alimentos procedentes das centros de distribución de alimentación. Nos municipios onde a entidade mantén convenio de colaboración é o Dpto. de Servizos Sociais quen recolle os alimentos nas cadeas alimenticias e os entregan entre as familias beneficiarias.

CON ESTA OPERATIVA PODEMOS CHEGAR A TODOS OS PUNTOS DE GALICIA DADA A REDE DE SUPERMERCADOS COAS QUE CONTAN DITAS CADEAS ALIMENTICIAS.

>> PROGRAMA DE PRIMEIRA ATENCIÓN, INMEDIATA, A PERSOAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE URXENTE

O obxectivo principal deste programa é dar cobertura inmediata ás necesidades básicas das persoas cando estas se atopan nunha situación de urxencia, por limitación de recursos económicos.

A través de dito programa a entidade realizou un total de 1.898 atencións na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2022.

Este programa contou co apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través da subvención destinada a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas da Xunta de Galicia.

>> PLAN DE COBERTURA DE NECESIDADES ALIMENTICIAS ÁS FAMILIAS EN SITUACIÓN DE CARENCIA DE RECURSOS CON RESIDENCIA NALGÚN CONCELLO DE GALICIA

Mediante o Plan de Cobertura de necesidades alimenticias ás familias en situación de carencia de recursos económicos con residencia nalgún concello de Galicia, garántese a cobertura das necesidades alimenticias das persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos, priorizando as necesidades nutricionais dos/as menores.

Este Programa contou co apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Operación cofinanciada pola Unión Europea a través do FSE.

>> PLAN DE COBERTURA DOUTRAS NECESIDADES BÁSICAS, NON ALIMENTICIAS A FAMILIAS SEN RECURSOS

Mediante o Plan de Cobertura doutras necesidades básicas ás familias en situación de carencia de recursos económicos con residencia nalgún concello de Galicia, garántese a cobertura doutras necesidades básicas das persoas, tales como a vestimenta e calzado, a hixiene e aseo persoal, o mobiliario e outros enseres do fogar, o material escolar axeitado para a volta ó cole, así como o pago de subministracións básicas.

Este Programa contou co apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Operación cofinanciada pola Unión Europea a través do FSE.

>> SERVICIOS DE PREVENCIÓN E PRIMEIRA ATENCIÓN, QUE COMPRENDERÁ OS PROGRAMAS DE VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E INFORMACIÓN DIRIXIDOS A IDENTIFICAR SITUACIÓNS DE RISCO E FACTORES DE VULNERABILIDADE, ASÍ COMO INFORMAR SOBRE OS RECURSOS E PRESTACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE SERVICIOS SOCIAIS.

Esta actuación abarcou o conxunto de actuacións de carácter informativo, e de intervención nos casos precisos, dirixidos á poboación en risco ou situación de exclusión social sobre prestacións e/ou servizos no ámbito dos servizos sociais e outros sistemas de protección social (Seguridade Social, educación, emprego, etc). O obxectivo da actuación foi facilitar ás persoas a información acerca dos recursos existentes que garantan o acceso a outros sistemas de protección social e proporcionen apoio na realización de xestións e tramitacións das diferentes prestacións de servizos sociais e do sistema de protección social.

Dende Fundación Amigos de Galicia tamén se lles proporciona información sobre os distintos proxectos desenvolto pola entidade e ós que, no caso de atoparse en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos, poderían ter acceso.

Este Programa contou co apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Operación cofinanciada pola Unión Europea a través do FSE.

PODEMOS AXUDARCHE

Solicitud directa. Fundación Amigos de Galicia pon a disposición da cidadanía diferentes canles de comunicación para aquelas persoas interesadas en solicitar a axuda:

A través do formulario de solicitud dispoñible na páxina web da entidade: www.amigosdegalicia.org. Vía telefónica a través do **610 475 431**.

Presencialmente nas oficinas sitas en:

Santiago de Compostela

Rúa das Tabaniscas, 50 - 15705
Tel.: 981 576 034 / 610 475 763

Pontevedra

Edificio Adm. Benito Corbal, 47 - 36001
Tel.: 661 777 352

Lugo

Ronda de las Mercedes, 14 - 27002
Tel.: 677 884 748

Vilagarcía de Arousa

Avda. Matosinhos, 2 - 36600
Tel.: 610 475 431

Ourense

Avda. de Portugal, 59 - 32002
Tel.: 678 920 387

ESPECIAL PROTECCIÓN DA INFANCIA

DENDE A FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA ADICAMOS ESPECIAL ATENCIÓN ÓS/ ÁS MENORES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL, OFRECENDO AXUDA A TRAVÉS DE DIFERENTES SERVIZOS DESTINADOS Á PROTECCIÓN DA INFANCIA.

41,27%

DAS ATENCIÓNS REALIZADAS POLA FUNDACIÓN FORON DIRIXIDAS Á INFANCIA E Á XUVENTUDE



ALIMENTANDO O SEU FUTURO

NO ANO 2022 A ENTIDADE PUXO EN MARCHA O PROGRAMA “ALIMENTANDO SU FUTURO”, COMO UN EIXO MÁIS DA PROTECCIÓN Á INFANCIA.

Dende Fundación Amigos de Galicia somos conscientes de que ter unha alimentación saudable dende idades temperás, permitiralles un mellor desenvolvemento, e con iso, un futuro con máis oportunidades. Mediante a execución do programa a entidade tivo como obxectivo, previr e/ou intervir ante situacións de sobrepeso ou obesidade infantil, abarcando os diferentes factores que interveñen no desenvolvemento desta enfermidade e acadando os seguintes resultados:

O 22% das persoas que formaron parte deste programa baixaron de peso un 16%, e os nenos/as un 14%.

Un 32% das persoas que formaron parte deste programa baixaron de peso un 7%.

Un 14% das persoas que formaron parte deste programa baixaron de peso un 3%.

Un 4% das persoas que formaron parte deste programa aumentaron de peso.


Un 28% das persoas que formaron parte deste programa mantiveronse no peso.

Resaltar dous casos que sobresaen neste desglose:

O caso dun neno con obesidade que baixou 16 quilos.

O caso dunha dependente da unidade familiar que baixou 22 quilos.

NÚMERO DE FAMILIAS QUE PARTICIPARON NO PROGRAMA AO LONGO DO 2022



Este programa contou coa colaboración de Fundación Alcampo.



FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA

Fundación | Alcampo

**ALIMENTANDO
SU FUTURO**



APOIO DIXITAL

O PROGRAMA DE APOIO DIXITAL TIVO COMO FIN CUBRIR AS NECESIDADES DE SUBMINISTRO DE LIÑA DE INTERNET E MATERIAL INFORMÁTICO (ORDENADORES, TÁBLETS, ETC.) A MENORES DE GALICIA, CANDO AS SÚAS FAMILIAS SE ATOPEN EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL, POR CARENCIA E/OU LIMITACIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS.

Coa entrega de material informático e cobertura de liña de conexión, pretendeuse paliar situacións de desigualdade tecnolóxica coas que se atopaban os/as menores atendidos/as pola entidade.

Este programa inclúe:



CONTRATACIÓN DE CONEXIÓN A INTERNET

Dirixido a menores desde 6 ata 18 anos



ORDENADORES E MATERIAL INFORMÁTICO

Destinado a menores entre 13 e 18 anos



TABLETS

Para menores de entre 6 e 12 anos

150

**MENORES BENEFICIARIOS
DO PROGRAMA**

Este programa contou co apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través da subvención destinada a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas. da Xunta de Galicia.

APOIO ESCOLAR

FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA DESENVOLVEU O PROGRAMA “EN IGUALDADE DENDE A ESCOLA” DE CARA A DAR RESPOTA ÁS NECESIDADES DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E OUTRAS NECESIDADES.



Libros
de texto



Material
escolar

O obxectivo do programa foi conseguir que os/as menores de Galicia puideran desfrutar do curso escolar en igualdade de condicións, evitando o círculo de exclusión social e o prematuro abandono escolar.

Outro dos obxectivos conseguidos foi o de garantir a equidade entre os/as menores durante o desenvolvemento do curso escolar, garantindo que as súas necesidades escolares foran cubertas independentemente dos recursos económicos das unidades familiares de procedencia.

NO COMEZO DO CURSO ESCOLAR DO ANO 2022, FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA DEU RESPOTA ÁS NECESIDADES ESCOLARES DE

1.402

MENORES GALEGOS/AS EN SITUACIÓN DE RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Este programa contou co apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través da subvención destinada a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas. da Xunta de Galicia.



APOIO MÉDICO

FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA LEVA A CABO NO ÁMBITO DA SAÚDE ACTUACIÓNS COS/CAS MENORES GALEGOS/AS QUE CON DISTINTAS PROBLEMÁTICAS DENDE O SEU NACEMENTO OU NO SEU DESENVOLVEMENTO PRECISAN DUNHA ATENCIÓN DIARIA PARA PODER MELLORAR A SÚA CALIDADE DE VIDA.



Damos resposta ás necesidades de **lentes graduadas, audífonos, sistemas de monitorización de glucosa, terapias** dos/as usuarios/as da entidade en idade de escolarización. A cobertura de ditas necesidades e/ou tratamentos permítenlles garantir a súa saúde e mellorar a súa calidade de vida.

APOIO PSICOLÓXICO DA POBOACIÓN INFANTIL E XUVENTUDE

DENDE O DEPARTAMENTO DE PSICOLOXÍA DA ENTIDADE REALIZOUSE O “PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA DIRIXIDA Á INFANCIA E MOCIDADE”. OS/AS PROFESIONAIS DA ENTIDADE TIVERON COMO OBXECTIVO FOMENTAR ESTRATEXIAS SAUDABLES PARA ALCANZAR O BENESTAR EMOCIONAL E O EQUILIBRIO MENTAL DOS/AS MENORES ATENDIDOS/AS; ASÍ COMO A CONSTRUCCIÓN DE HABILIDADES, COMPETENCIAS E RECURSOS QUE PERMITAN AOS/ÁS MENORES AFRONTAR OS DESAFÍOS DA SÚA VIDA.

Este programa está destinado á infancia e mocidade que pola súa situación económica familiar ou por atoparse en risco de exclusión social, non dispoñen dos recursos necesarios para acceder a unha consulta privada ou non poden esperar os prazos de tempo para ser atendidos/as por profesionais da atención primaria.

Este servizo inclúe:

- | | |
|--|---|
| ☒ Intervención socioeducativa | ☒ Acoso escolar |
| ☒ Mediación familiar | ☒ Habilidades de sociabilización |
| ☒ Problemas de conducta | |

Este programa contou co apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través da subvención destinada a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas. da Xunta de Galicia.

PROTEXER Á INFANCIA FRONTE CALQUERA TIPO DE VIOLENCIA OU INXUSTIZA É UN DOS PRINCIPAIS RETOS DA ENTIDADE, BUSCANDO REFORZAR OS SISTEMAS DE PROTECCIÓN, GARANTINDO O SEU ACCESO Á XUSTIZA E DANDO SEMPRE VOZ AOS CASOS, GARANTIZANDO QUE SE RESPETEN OS SEUS DEREITOS.

Nos últimos anos, Fundación Amigos de Galicia vense implicando cada vez máis coa protección da infancia e dando voz a casos que vulneran os seus dereitos.

Coa personación como acusación popular, en Fundación Amigos de Galicia damos un paso máis na defensa dos/as menores, implicándonos naquelas que atentan contra os dereitos da infancia en Galicia.

Procesos xudiciais onde a entidade se atopa personada como acusación popular:

>> Menor Mondoñedo

A entidade actuou como acusación popular na defensa dos dereitos dun menor de Mondoñedo maltratado polas súas tías. Os feitos ocorreron no mes de novembro de 2017 cando o menor de 9 anos acudiu ao seu centro escolar con hematomas. A unidade familiar recibiu asesoramento social a través do “Plan integral de loita contra a pobreza e a exclusión social” e psicolóxico durante todo o proceso; ademais de orientación laboral para acadar a inserción laboral da nai, unha actuación que mellorou notablemente a súa calidade de vida. O avogado que representa á entidade neste caso é Francisco José Lago Calvo.

>> Caso menor de Vedra

Fundación Amigos de Galicia persónase nesta causa ante a evidencia da existencia de lesións nun lactante de Vedra ocasionadas presuntamente tras sufrir o “Síndrome do neno zarandeado” a mans dos seus proxenitores no ano 2018. En outubro de 2013 produciuse a morte da primeira filla do matrimonio. O avogado que representa á entidade nesta causa é Celestino Barros Pena. A defensa presentada polo letrado fronte ao caso levou a Fiscalía a reconsiderar que se habían vulnerado os dereitos do menor.

>> Bebés Mellizos de Ourense

